

Teléfonos:  
981 844 800  
981 849 960  
Fax: 981 844 008


N.º R.E.L. 01150119



Praza de Galicia s/n  
15930 BOIRO (A Coruña)  
correo e: correo@boiro.org  
páxina web: www.boiro.org

CONCELLO DE BOIRO Secretaría 1/4

CORPORACIÓN MUNICIPAL 2015/2019  
Casa do Concello



## NOTIFICACIÓN

Asunto: convocatoria á sesión EXTRAORDINARA do Pleno da Corporación

Notifícase a Resolución da Alcaldía do 24/08/2015 que di:

“O artigo 38 do Real Decreto 2568/1986, do 18 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, establece que dentro dos 30 días seguintes ao da sesión constitutiva, o alcalde, convocará a sesión ou sesións extraordinarias do Pleno da Corporación para o fin de resolver sobre os puntos que se detallan.

Conforme ao disposto nos artigos 78, 79 e 80 do Real decreto 2568/1086, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, con esta data RESOLVO:

**PRIMEIRO.** CONVOCAR unha sesión EXTRAORDINARIA do Pleno do Concello para o

Día: 27/08/2015  
Hora: 20:00 h. a 1.ª convocatoria e ás 20:00 h. a 2.ª, dous días despois  
Lugar: salón de plenos da Casa do Concello.  
Orde do día:

### I PARTE DE ADOCIÓN DE ACORDOS

1.- APROBACIÓN DA SOLICITUDE DA ENTIDADE AMICOS DE BONIFICACIÓN DO 95% NA COTA DO ICIO A PROL DA INSTALACIÓN DUN INVERNADOIRO DESTINADO A CENTRO DE FORMACIÓN PARA O EMPREGO DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE NO LUGAR DE COMOXO.

2.- APROBACIÓN DA SOLICITUDE DA ENTIDADE AMICOS DE BONIFICACIÓN DO 95% NA COTA DO ICIO A PROL DA CONSTRUCCIÓN DUNHA NAVE DESTINADA A CENTRO DE FORMACIÓN PARA O EMPREGO DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE

3.- APROBACIÓN DO PLAN ECONÓMICO FINANCEIRO.

### II PARTE DE CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

4.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN RELATIVO AO CUMPRIMENTO DA OBRIGA DE INFORMACIÓN TRIMESTRAL SOBRE O CUMPRIMENTO DOS PRAZOS DE PAGO ESTABLECIDOS NA LEI 15/2010 DE 5 DE XULLO. (4º TRIMESTRE 2014)

5.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO DE ALCALDÍA DE DATA 31/03/2015 POLO QUE SE APROBA A LIQUIDACIÓN DO EXERCICIO 2014.

6.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN DE DATA 18/05/2015 DE ANÁLISE DO CUMPRIMENTO DO PLAN DE SANEAMENTO ANUALIDADE 2014.

7.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN RELATIVO AO CUMPRIMENTO DA OBRIGA DE SUBMINISTRO DE INFORMACIÓN DO 1º TRIMESTRE 2015 DERIVADA DA LEI 2/2012 DE 27 ABRIL.

8.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN RELATIVO AO CUMPRIMENTO DA OBRIGA DE INFORMACIÓN TRIMESTRAL SOBRE O

CUMPRIMENTO DOS PRAZOS DE PAGO ESTABLECIDOS NA LEI 15/2010 DE 5 DE XULLO. (1º TRIMESTRE 2015)

9.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN SOBRE O CUMPRIMENTO DA OBRIGA DE REMISIÓN DE INFORMACIÓN TRIMESTRAL SOBRE O PMP. (1º TRIMESTRE 2015)

10.- DACIÓN DE CONTA DOS REPAROS DE LEGALIDADE (1º TRIMESTRE 2015).

11.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN RELATIVO AO CUMPRIMENTO DA OBRIGA DE SUBMINISTRO DE INFORMACIÓN DO 2º TRIMESTRE DERIVADA DA LEI 2/2012 DE 27 ABRIL.

12.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN SOBRE O CUMPRIMENTO DA OBRIGA DE REMISIÓN DE INFORMACIÓN TRIMESTRAL SOBRE O PMP. (2º TRIMESTRE 2015)

13.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN RELATIVO AO CUMPRIMENTO DA OBRIGA DE INFORMACIÓN TRIMESTRAL SOBRE O CUMPRIMENTO DOS PRAZOS DE PAGO ESTABLECIDOS NA LEI 15/2010 DE 5 DE XULLO. (2º TRIMESTRE 2015)

14.- DACIÓN DE CONTA DOS REPAROS DE LEGALIDADE (2º TRIMESTRE 2015).

**SEGUNDO.** NOTIFICARLLES esta resolución aos membros da Corporación, poñendo a súa disposición os antecedentes dos asuntos na Secretaría do Concello, de luns a venres durante o horario da xornada laboral.

**CUARTO.** PUBLICAR esta resolución no taboleiro de edictos do concello para os efectos do que dispón o artigo 229 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

**QUINTO.** DARLLE CONTA desta resolución ao Pleno do Concello.”

#### RECURSOS

Este acordo constitúe un acto de trámite polo que pode formular cantas alegacións estime oportunas para a súa consideración na resolución que poña fin ao procedemento (artigo 107 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común).

Igualmente, se estima que o dito acto decide directa ou indirectamente o asunto de fondo, determina a imposibilidade de continuar o procedemento, produce indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos, pode interpoñer, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da súa notificación, un recurso potestativo de reposición, que terá que fundamentar en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 62 e 63 da dita Lei 30/1992.

Todo iso sen prexuízo da realización de cantas accións estime oportunas na defensa dos seus intereses lexítimos.

Boiro, 24 de agosto de 2015

